



## Antoxo, un proxecto cultural de raíz

**H**ai xa máis de quince anos que o Grupo de Danzas 'Antoxo' naceu ao carón do colexio público A Pedra, por iniciativa dun grupo de mulleres que daquela integraban a asociación de nais e pais.

Se nun primeiro momento o obxectivo era fomentar a práctica do baile galego, o proxecto foise ampliando ata crear as escolas de pandeireta, gaita e tamboril. Hoxe máis de medio cento de rapaces e rapazas descubren os segredos da nosa tradición a través das recollidas que os mestres de 'Antoxo' gravan da xente maior en aldeas de toda Galicia.

Cunha experiencia que supera as dúas décadas, José Gil imparte as clases de gaita na filosofía de formar gaiteiros solistas e integrantes de cuartetos, para o que traballa con pezas tradicionais e algunha de recente composición. Os alumnos empezan a tocar con frautas adaptadas e obteñen tamén coñecementos básicos de solfexo.

Manolo Cobas é o mestre da escola de baile e máis da escola de pandeireta, onde se traballa o instrumento e a voz prestando especial atención á zona do Morrazo, con orixinais cantigas como as recollidas na Illa de Ons. Manolo procura ademais que os bailadores aprendan de xeito que cheguen a identificárense co baile para poder expresarse mediante el.

A inscrición nas escolas está aberta todo o ano para pequenos e maiores, con clases adaptadas a cada nivel pero creando tamén un espazo interxeracio-



Foto: Xavicas

nal onde teñen cabida todas as achegas.

A actividade de 'Antoxo' non se detén na recuperación e difusión da música e do baile, senón que no intento de enxalzar os costumes do pobo galego ten levado a cabo múltiples cursos, exposicións e festivais. A directiva do grupo realiza cada ano un obradoiro de encaixe de palillos aberto a todos os interesados.

No proxecto de 'Antoxo' cómpre destacar outro punto de vital interese: a conservación do vestiario tradicional confeccionando os traxes do grupo a partir de modelos antigos. Boa parte da roupa de bailadoras e cantadoras elaborouse xa a partir dun fermoso orixinal da parroquia de Cela que ten máis dun século de antigüidade.

Xa que logo, máis alá dos resultados que os alumnos das escolas amosan a final de curso, detrás de 'Antoxo' prevalece un proxecto cultural de raíz que non se conforma con dar a coñecer as formas típicas do noso pobo, senón que

suma os seus pasos aos de todas as asociacións que andan o camiño de recuperar a tradición e permitirlle á xente nova que a faga súa. Non son poucos os colectivos de Bueu que traballan arreo con esta intención para dinamizar a vida da vila, e na Asociación Cultural de Meiro temos un claro exemplo. Ademais de organizar múltiples actividades ao longo do ano, as mans da aldea botan o escuro gran para logo apañalo, debullalo, moelo e ofrecernos por marzo un encontro único no mundo onde degustar os manxares do millo corvo.

*Marinero de la mar  
que en la mar andas metido  
dime de los cuatro vientos  
cal es el más atrevido*  
Tango da Illa de Ons

+info:

grupoantoxo@hotmail.com  
986 32 16 17 – 986 32 16 35



Foto: Xavicas



Foto: Xavicas